CANICHE CON VOZAL

MANUAL DE INSTRUCIÓNS PARA BAILAR

TALLER DE DANZA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
28 novembro 2026

Horario: de 11:00 a 14:00 h

DIRECCIÓN: Carlota Berzal / COORDINACIÓN: Gema Baños



Caniche con Vozal: manual de instrucións para bailar é un proxecto de investigación artística e editorial que explora a relación entre o corpo, o movemento, a inestabilidade e a danza.

O corpo é tamén un arquivo, garda tremores, pausas, desvíos e formas de moverse que non sempre encaixan nas maneiras normativas de bailar. O taller parte dunha pregunta: que ocorre cando deixamos de corrixir o movemento e empezamos a escoitalo?

A través de exercicios, xogos e instrucións, a proposta convídanos a experimentar con diferentes posibilidades físicas e a descubrir outras maneiras de relacionarnos co propio corpo e co movemento. Non é necesario ter experiencia previa en danza. A idea é traballar desde o que cada corpo pode facer, incluíndo as súas particularidades, os seus límites, os seus desequilibrios e as súas formas propias de moverse.

O erro e a inestabilidade non aparecen como obstáculos que haxa que superar, senón como posibles puntos de partida para crear. O humor e o xogo forman parte fundamental da práctica, como ferramentas para perder a vergonza, desactivar a idea de que existe unha única maneira correcta de bailar e abrir espazo a outras posibilidades.

O taller nace do libro *Caniche con Vozal: manual de instrucciones para bailar*, un proxecto desenvolvido co apoio do Ministerio de Igualdade e unha residencia na Universidad Internacional de Andalucía (UNIA). Durante a actividade, Carlota Berzal comparte algunhas das prácticas que forman parte da investigación e propón un espazo colectivo para moverse, probar, equivocarse, xogar e volver empezar.

CARLOTA BERZAL (Sevilla, 1992) é unha dramaturga e creadora cuxo traballo se sitúa entre a escritura, as artes vivas e a mediación artística. Desde 2014 dirixe a compañía La Turba, desde onde desenvolve proxectos presentados en Europa, América Latina, Asia e África. A súa traxectoria inclúe proxectos coproducidos por Teatros del Canal e colaboracións coa compañía danesa Fix+Foxy. En 2022 recibiu o Premio á Mellor Actriz no Festival Internacional de Teatro de Alexandría, Exipto. Como autora, recibiu o XVII Premio CREA Sevilla Joven de Dramaturgia, participou no Laboratorio de Nuevas Dramaturgias de Donostia Kultura e varios dos seus textos foron publicados pola Agencia Andaluza de Instituciones Culturales.

Caniche con Vozal: manual de instrucciones para bailar es un proyecto de investigación artística y editorial que explora la relación entre cuerpo, movimiento, inestabilidad y danza.

El cuerpo es también un archivo, guarda temblores, pausas, desvíos y formas de moverse que no siempre encajan en las maneras normativas de bailar. El taller parte de una pregunta: ¿qué ocurre cuando dejamos de corregir el movimiento y empezamos a escucharlo?

A través de ejercicios, juegos e instrucciones, la propuesta invita a experimentar con diferentes posibilidades físicas y a descubrir otras maneras de relacionarnos con el propio cuerpo y con el movimiento. No es necesario tener experiencia previa en danza. La idea es trabajar desde lo que cada cuerpo puede hacer, incluyendo sus particularidades, límites, desequilibrios y formas propias de moverse.

El error y la inestabilidad no aparecen como obstáculos que haya que superar, sino como posibles puntos de partida para crear. El humor y el juego forman parte fundamental de la práctica, como herramientas para perder la vergüenza, desactivar la idea de que existe una única manera correcta de bailar y abrir espacio a otras posibilidades.

El taller nace del libro *Caniche con Vozal: manual de instrucciones para bailar*, un proyecto desarrollado con el apoyo del Ministerio de Igualdad y una residencia en la Universidad Internacional de Andalucía (UNIA). Durante la actividad, Carlota Berzal comparte algunas de las prácticas que forman parte de la investigación y propone un espacio colectivo para moverse, probar, equivocarse, jugar y volver a empezar.

CARLOTA BERZAL (Sevilla, 1992) es una dramaturga y creadora cuyo trabajo se sitúa entre la escritura, las artes vivas y la mediación artística. Desde 2014 dirige La Turba, desde donde desarrolla proyectos presentados en Europa, Latinoamérica, Asia y África. Su trayectoria incluye proyectos coproducidos por Teatros del Canal y colaboraciones con la compañía danesa Fix+Foxy. En 2022 recibió el Premio a la Mejor Actriz en el Festival Internacional de Teatro de Alejandría, Egipto. Como autora recibió el XVII Premio CREA Sevilla Joven de Dramaturgia, participó en el Laboratorio de Nuevas Dramaturgias de Donostia Kultura y varios de sus textos han sido publicados por la Agencia Andaluza de Instituciones Culturales.

ADELA ANGULO (Lora del Río, 1991), coñecida como Adela por Dios, é unha ilustradora sevillana formada como médica de familia, que abandonou a medicina para vivir da ilustración. *Si te pierdes, mira dentro*, o seu primeiro libro, conta xa con once edicións. Entre os seus proxectos están o taller *Dibuja mal bien*, a realización da ilustración inaugural do Ministerio de Xuventude e Infancia, o proxecto *Quásares* para pacientes oncolóxicos xunto con ZEMOS98, a súa participación no programa *Sukha* de La 2 de RTVE, a colaboración en *Caniche con Vozal* mediante a realización de talleres e un libro, a creación do podcast *Honestamiente podcast* xunto con Gema Abad e a elaboración dos seus propios produtos de papelería.

ADELA ANGULO (Lora del Río, 1991), conocida como Adela por Dios, es una ilustradora sevillana formada como médica de familia, que abandonó la medicina para vivir de la ilustración. *Si te pierdes, mira dentro*, su primer libro, cuenta ya con once ediciones. Entre sus proyectos están el taller *Dibuja mal bien*, la realización de la ilustración inaugural del Ministerio de Juventud e Infancia, el proyecto *Quásares* para pacientes oncológicos junto con ZEMOS98, su participación en el programa *Sukha* de La 2 de RTVE, la colaboración en *Caniche con Vozal* mediante la realización de talleres y un libro, la creación del podcast *Honestamiente podcast* junto con Gema Abad y la elaboración de sus propios productos de papelería.

PERSOAS DESTINATARIAS

O taller está dirixido a persoas maiores de 18 anos interesadas na danza e o movemento. Non se require experiencia previa.

PRAZAS: 20

INSCRICIÓN

A actividade é gratuíta. O prazo de inscrición estará aberto do 27 de outubro ao 19 de novembro de 2026. Para inscribirse, cómpre enviar a cgac.pedagogia@xunta.gal unha mensaxe de correo electrónico cos seguintes datos: nome e apelidos, DNI, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto.

PERSONAS DESTINATARIAS

El taller está dirigido a personas mayores de 18 años interesadas en la danza y el movimiento. No se requiere experiencia previa.

PLAZAS: 20

INSCRICIÓN

La actividad es gratuita. El plazo de inscripción estará abierto del 27 de octubre al 19 de noviembre de 2026. Para inscribirse hay que enviar a cgac.pedagoxia@xunta.gal un correo electrónico con los siguientes datos: nombre y apelidos, DNI, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631/02
cgac.pedagoxia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

Xacobeo 2027